

BLOQUE

Boletín informativo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Meis, febreiro. 2006

NOVO ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA



2006

www.bng-galiza.org



Por que un novo Estatuto?

Porque necesitamos un novo marco legal que nos permita decidir sobre os nosos propios asuntos nun escenario político global. O actual Estatuto xa non abonda para afrontar os novos retos da Galiza do século XXI e precisamos un importante avance no autogoberno que nos dea presenza en Europa como unha nación moderna e aberta ao mundo.

Un novo Estatuto de nación será unha ferramenta básica para decidir libre e democraticamente o noso futuro. Non podemos seguir permitindo que decidan por nós en Madrid ou en Bruxelas. As galegas e os galegos somos quen de tomar as rendas do noso país, da nosa cultura, da nosa educación, da nosa lingua e da nosa economía. Un novo estatuto è necesario para acadar máis competencias e máis poder político e tamén para ilusionar os galegos e as galegas nun proxecto común, para darlles un impulso emocional que faga espertar un novo país consciente das súas posibilidades.

O futuro é unha tarefa que depende de nós, de todas e de todos.

Por que agora?

Porque o **actual Estatuto** xa leva vixente 23 anos, é dicir, existe toda unha xeración de galegos e galegas que non o votou. E por moito que naquel momento fora unha conquista dados os condicionantes políticos da época, hoxe rebélase insuficiente. Xa non hai os medos á involución e as reservas de todo tipo que existían a comezos da democracia e o pobo galego de hoxe ten madurez abonda para decidir como encarar o seu futuro e como relacionarnos cos demais pobos do Estado e de Europa.

Xa que logo, consideramos que case un cuarto de século é tempo abondo para revisar aquel documento de convivencia, sobre todo nun momento no que está tamén en revisión a Constitución e os estatutos doutras nacións dentro do Estado Español.

SALVEMOS O CASTROVE E O MONTE COMUNAL!!!

Por activa e por pasiva, o BNG volve a pedir protección para o Castrove. Xa basta con enganar aos veciños de que o monte é iso, monte e polo tanto terra improdutivo. No momento en que no Castrove se poden facer Campos de Golf, Parques Eólicos, Residencias, etc. o valor do monte medra.

Mais, non fai falta que destruíamos o montes para ter riqueza pois o monte xa o dá. Desde o BNG defendemos un Plan Integral para o Castrove que vai desde a Ordenación Forestal do Monte até a construción dunha Central de Biomasa para xerar enerxía, pasando pola creación de Aulas de Natureza, Rotas de Sendeirismo, Parque de Petróglifos, recuperación do noso Patrimonio Histórico-Artístico, dos camiños históricos, etc.

Os proxectos do PP non fan que a xente PARE en Meis, onde se ve que o Campo de Golf fixera DESPEGAR o sector hostaleiro no noso concello? **A xente pasa por Meis pero non para.** O noso PROXECTO para o Castrove daría MOITOS POSTOS de TRABALLO ESTABEIS, pois un plan director realizado coas comunidades de Montes, unido á nosa alternativa da Central de Biomasa xunto con outras alternativas ecolóxicas e industriais como a produción de mel, cogomelos, abono, etc. traería riqueza ao concello.



Temos que decatarnos que as propostas do alcalde de Meis só benefician a uns POCOS. Os veciños de Meis teñen que loitar por defender ás Comunidades de Montes pois o tesouro que posúen é CODICIADO por uns, e o alcalde de Meis actúa de intermediario para que estes se leven os BENEFICIOS.

Debemos de pensar que non compre DESTRUIR o monte para XERAR RIQUEZA en Meis, desde o BNG temos moi claro que non.

O CONCELLO DE MEIS APROBA A MOCIÓN DO BNG SOBRE O DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A violencia contra as mulleres nas súas múltiples formas é unha lacra social e política, que ten a súa orixe nun sistema que non acepta a igualdade nin a insubmisión das mulleres. Un sistema no que como consecuencia dunhas relacións sociais, políticas e económicas desiguais e inxustas as mulleres son discriminadas, marxinadas e mesmo asasinadas.

'Violencia contra as mulleres' significa calquera acto sexista que teña ou poida ter como consecuencia dano físico, sexual, psicolóxico ou sufrimento para as mulleres; e que inclúe o uso da forza, a chantaxe, as presións e as ameazas como mecanismos para obrígalas a seguir desempeñando roles sociais determinados, que seguen a perpetuar a submisión, a invisibilidade e a discriminación das mulleres polo simple feito de seren mulleres. O BNG propón mecanismos para artellar e cambiar esta dinámica, propostas que foron aprobadas polo pleno da Corporación de Meis



IRREGULARIDADES NOS RECIBOS DA AUGA

O BNG pediu que se solventasen os problemas de recibos da auga que desde o ORAL lles foron enviados aos veciños de Meis, algúns foron tan escandalosos que superaban os 1000 € por 6 meses de servizo. **O Concello de Meis é o único culpábel desta situación e debe responder con solucións inmediatas.**

Desde o BNG pediuse, ademais, que se fixesen as oportunas advertencias a tódolos domicilios en relación coa presión de auga que estaban a recibir, por mor de solventar os problemas que isto lles pode causar nas súas instalacións, como roturas de tubarías, avarías de cisternas, billas..., como de feito está a acontecer.

A portavoz do BNG reuniuse coa Delegada de Industria

O día 27 do pasado mes de xaneiro a portavoz do BNG no concello de Meis M^o Carme Martínez Rodiño mantivo unha reunión de traballo coa Delegada Provincial da Consellaría de Innovación e Industria Montserrat Prado Cores. Este encontro foi solicitado pola nosa portavoz co obxecto de tratar diversas cuestións referidas ao Concello de Meis que son competencia desta Consellaría.



O CAMPO DA FEIRA NO PARLAMENTO GALEGO

O BNG veuse na obriga de levar ao Parlamento Galego o tema do Campo da Feira tras a negativa do alcalde a explicar as irregularidades no proxecto presentado á anterior Consellaría de Política territorial da Xunta de Galiza, cuxo conselleiro naqueles intres era o señor Feijoo, para, baseándose nel, pedir cartos para facer cousas que xa estaban feitas.

Déronlle máis de 312.500 euros (52 millóns de pesetas), e seica foron invertidos eses cartos nas obras que fixeron despois deste verán. Sen esquecer os 48.000 euros (oito millóns de ptas.) para farois, que veñen do PRODER.



O que fai un total de máis de 360.000 euros (60 millóns de ptas.) para investir desde o verán

Pero resulta que o que xa estaba feito custara uns 130.000 euros (22 millóns de ptas.). Que cada quen saque as súas propias conclusións !!!

E o deputado do BNG, Bieito Lobeira, trasladou o tema ao Parlamento, interpelando á Consellaría de Obras Públicas sobre o acondicionamento do Campo da Feira, as supostas irregularidades dese proxecto e sobre algún tipo de investigación

POLÍGONO INDUSTRIAL DE MEIS-BARRO

O pasado 21 de Decembro o Pleno da Corporación de Meis aprobou, coa abstención dos concelleiros do BNG, o inicio da expropiación dos terreos afectados polo futuro polígono de Meis-Barro. O que non sabemos aínda é como, e de que maneira van facelo, vanlle pagar aos propietarios a ridícula cantidade de 10€ por metro cadrado cando o Tribunal de Expropiación está dando nos recursos que se están presentando noutros lugares de Galiza 20€?, se cadra, os veciños están a REGALAR os terreos para que outros se beneficien?...Por qué os veciños con terreos en Santo Tomé non foron informados de que os seus terreos tamén están afectados?.

O CONCELLO APROBA UNHA PROPOSTA DO BNG SOBRE A PROTECCIÓN DA NOSA TOPONIMIA

Os nomes dos lugares forman parte do noso patrimonio cultural, son os nomes que os nosos antergos puxeron ás paraxes, aos ríos, aos montes... É necesario elaborar un rigoroso inventario da Toponimia Meisina o que tamén conlevaría outros beneficios como: a elaboración da Cartografía, das Normas Urbanísticas (como Peris ou Plans Xerais), a claridade a efectos postais e outros beneficios que se aportarían a empresas como as de telefonía ou eléctricas. A ubicación precisa dos lugares, predios, paraxes, é dicir, de todos os elementos que conforman a realidade do territorio e que permiten unha mellor localización dos núcleos espallados de poboación polas empresas do transporte, ademais da importancia a efectos de rexistro e de notaría.

O BNG vota a favor dos orzamentos 2006 na súa última votación no Congreso despois de lograr que as partidas para Galiza acaden os 1.513 ME

Rodríguez celebra as melloras nos cartos do Estado "froito do noso esforzo por dar resposta ás necesidades de Galiza"

Madrid, 22 Decembro 05.- O portavoz do BNG no Congreso dos Deputados, Francisco Rodríguez, e a deputada nacionalista, Olaia Fernández Davila, votaron este mediodía na Cámara Baixa a favor das contas do Estado para o vindeiro ano 2006 despois de lograr que as partidas destinadas a Galiza acadasen a cifra de 1.513 millóns de euros.

Os Orzamentos Xerais do Estado para o próximo exercicio pasaban o seu último trámite no Congreso dos Deputados, despois do seu paso polo Senado, e con esta última votación quedaban aprobados definitivamente.

Rodríguez salientou na súa intervención que "estes Orzamentos reciben o noso respaldo porque melloran, tanto **cuantitativa** como cualitativamente, os cartos do Estado para o noso país. Unha mellora que foi froito do noso esforzo para dar resposta ás necesidades máis urxentes da nosa terra, como o ferrocarril, a recuperación da base agraria, demandas de carácter local, o medio ambiente e a cultura".

Ademais, amosou a súa satisfacción porque no Senado, e

grazas tamén aos esforzos negociadores do noso senador, se introduciron melloras, un incremento de 2.200.000 euros nas partidas do Goberno para Galiza e que benefician a distintas comarcas galegas.

É preciso subliñar que inicialmente os Orzamentos Xerais do Estado destinaban ao noso país un total de 1.479 millóns de euros. E agora Galiza vai recibir 1513 millóns de euros despois de incorporar os pedimentos do BNG que estaban contemplados nas emendas parciais presentadas. Produto da negociación co grupo socialista, o BNG conseguiu 11 millóns de euros máis para o Eixo Atlántico, un millón para o tramo ferroviario Ferrol-A Coruña, e 2,2 millóns para o tramo Lubián-Ourense. No relativo ás estradas, os parlamentares nacionalistas lograron unha partida de 1,5 millón de euros para o segundo cinto de circunvalación de Vigo, 390.000 euros para a circunvalación de Pontevedra, 890.000 para a autovía A-57 conexión da A-52 con Pontevedra, 300.000 euros para a autovía As Lonzas-Zapateira e 250.000 euros para a variante de A Estrada.

O Medio Ambiente foi outro dos obxectivos do BNG nestes Presupostos e así conseguiu unha suba de 1,5 millóns de euros para actuacións medioambientais no noso país: 350.000 euros para a

rexeneración e recuperación das praias de Sada, Doniños, San Xurxo e Redes; 400.000 euros para a mellora do borde marítimo entre A Seara e Meira, 300.000 para recuperar o borde litoral de O Pindo, e 500.000 para rehabilitar o edificio industrial para museo e escola de actividades náuticas de A Porteliña (Muros), 30.000 euros para a recuperación da illa de Sálvora.

No eido agrario, o BNG logrou 10.000.000 millóns de euros para un Programa de Desenvolvemento rural na Galiza, e no ámbito industrial, 1.000.000 euros para investigación e desenvolvemento da sociedade da información.

Na tramitación do proxecto do Goberno no Senado, o parlamentar nacionalista na Cámara Alta, Francisco Jorquera, e tamén froito da negociación co PSOE, conseguiu unha suba de 2.200.000 euros nos cartos para Galiza: 200.000 euros para a variante de Ordes, 1.000.000 de euros para o Plano de Saneamento do Miño ao seu paso por Lugo, 300.000 euros para a conexión ferroviaria co porto de Bouzas-Vigo, 500.000 para acondicionar as marxes dos ríos Avia e Miño en Ourense, e 200.000 máis para a nova sede do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

Máis información do BNG:
www.bng-galiza.org/osalnes
E-mail: salnes@bng-galiza.org

